

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 453/2015 POLA QUE SE PROCEDE AO NOMEAMENTO DE UN (1) TECNICO/A DE IGUALDADE

Logo de ver a acta do tribunal de data de 26 de agosto de 2015, na que se propón á candidata na mesma á vista das puntuacións obtidas no proceso de selección realizado para a contratación laboral temporal dun técnico/a de igualdade.

Logo de ver o establecido no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladoras das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía, de conformidade co exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear para cubrir a praza de TÉCNICO/A DE IGUALDADE a Dona Patricia Vaquero González con D.N.I. 79326159X.

SEGUNDO- Requerir á anteriormente citada para que acuda ao Concello á formalizar o contrato de traballo que terá as características indicadas nas bases reguladoras do procedemento de selección, indicándose aos interesados que para proceder á citada formalización deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- a) Certificación de nº de conta bancaria.
- b) Documentación acreditativa do nº de afiliación á Seguridade Social.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos do Concello aos efectos oportunos.

CUARTO: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, con indicación de que contra a mesma se poderán interponer os seguintes recursos:

RECURSOS: *Contra este acordo, definitivo na vía administrativa, poderá Vd. Interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o señor Alcalde. O prazo para interpoñer-lo recurso de reposición será dun mes, contando desde a data de notificación da presente resolución, non podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se teña producida a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contenciosa-administrativa podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou no prazo de seis meses desde que se entenda o recurso desestimado por silencio administrativo segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.*

O recurso contencioso-administrativo pode interpoñerse directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados desde o día seguinte o da notificación da presente resolución.

Así mesmo poderá Vd. Utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e exerce-las accións que procedan ante a xurisdición competente.

Malpica de Bergantiños a 01 de setembro de 2015.-

D.M. e aos únicos efectos de fé pública
(art 2 RD 1174/1987, de 18 de decembro)

O alcalde

A secretaria

Asd. Eduardo José Parga Veiga

Asd. Mónica Pichel García